**NOME:___________________________ CURSO:___DATA:_______**

# A CLASIFICACIÓN DOS INSTRUMENTOS SEGUNDO HORNBOSTEL E SACHS

Ata o de agora clasificábamos os instrumentos atendendo ás familias (vento, percusión e corda), pero esta clasificación deixou de utilizarse porque empregaba distintos elementos para clasificar os instrumentos (o material que se empregaba para a súa construción, a maneira na que se producía o son...) e posteriormente en 1914 comezou a empregarse a clasificación que crearon Hornbostel e Sachs na que se tomaba como referencia unicamente a maneira de producir o son, polo que tiñamos cinco grandes grupos:

- Aerófonos: forman este grupo todos os instrumentos que empregan o aire para producir o son.

- Cordófonos: componse por todos aqueles instrumentos nos que o son se produce pola vibración das cordas.

- Idiófonos: son aqueles instrumentos que necesitan ser golpeados, axitados, fretados, raspados ou riscados para producir o son.

- Membranófonos: inclúense aquí todos aqueles instrumentos que teñen unha membrana que vibra para producir o son.

- Electrófonos: este grupo é o máis moderno de todos os anteriores, posto que está formado polos instrumentos de máis recente creación. Inclúense aquí todos aqueles instrumentos que necesitan un fluxo de corrente eléctrica para poder soar.

**1. Completa o esquema:**



**2.Clasifica os seguintes instrumentos nas súas familias:**



















